



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE FERROL PARA A XESTIÓN DA BIBLIOTECA MUNICIPAL CENTRAL DE FERROL

Santiago de Compostela, de de 2019

REÚNENSE

Dunha parte, don Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de Conselleiro de Cultura e Turismo, para o que foi nomeado polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución

Doutra, don Jorge Suárez Fernández, en representación do Concello de Ferrol, na súa condición de alcalde-presidente do citado Concello segundo o disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia, do artigo 21 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ambas as partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Que a Consellería de Cultura e Turismo é o órgano da administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura e, en concreto, das atribucións en materia de bibliotecas, segundo o establecido nos artigos 7 e 8 do Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica. Dentro dese ámbito competencial, á Consellería, como órgano administrativo de dirección e coordinación do Sistema Galego de Bibliotecas, correspóndelle deseñar e planificar a política bibliotecaria da Comunidade Autónoma, así como a definición das súas prioridades (artigo 7 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia).

Que o Concello de Ferrol, en virtude do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases del Réxime Local e da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, ten a obriga de garantir o servizo bibliotecario axeitado á poboación a que serve. Desde o ano 1942 conta cunha Biblioteca Municipal Central, creada como Biblioteca Popular por Orde do Ministerio de Educación Nacional.



Que a Biblioteca Municipal Central de Ferrol, de titularidade municipal, foi inscrita no Rexistro de Bibliotecas de Galicia no ano 1996, DOG núm. 120, do 19 de xuño de 1996 e integrada na Rede de Bibliotecas de Galicia mediante convenio asinado o 9 de maio de 2008.

Segundo este convenio o Concello de Ferrol comprométese a dotala de orzamento suficiente para o seu funcionamento (persoal, instalacións, mobiliario, equipamento e fondos bibliográficos).

A Consellería de Cultura e Turismo comprometeuse a prestar apoio técnico ao Concello para a contratación de persoal técnico, colaborar na súa formación, dotar á biblioteca central do programa de xestión bibliotecaria común e a incorporala aos servizos de catalogación centralizada.

Ao mesmo tempo, acordouse a colaboración entre as dúas institucións para acadar a interconectividade técnica e semántica, a participación no programa de préstamo interbibliotecario, e a colaboración na recuperación, conservación e dispoñibilidade pública do tesouro bibliográfico galego.

A Biblioteca Municipal Central de Ferrol cumpre coas funcións que lle asigna a Lei de Bibliotecas de Galicia á categoría de bibliotecas centrais municipais: información bibliográfica, consulta en sala, préstamo a domicilio, hemeroteca, servizo de materiais sonoros e audiovisuais, sección infantil e xuvenil e sección local.

Conta con persoal suficiente para cubrir debidamente estes servizos e levar a cabo as tarefas técnicas correspondentes.

A Lei 5/2012 de bibliotecas de Galicia crea a rede de bibliotecas públicas de Galicia, que se estrutura nunha serie de tipos de bibliotecas e de servizos bibliotecarios. O mapa de bibliotecas públicas de Galicia determinará, en función de criterios obxectivos, os tipos aos que se adscribe cada biblioteca da rede (artigo 13).

As bibliotecas centrais territoriais prestarán os servizos que a anterior lei lles outorgaba ás bibliotecas nodais: servizos bibliotecarios integrais ao territorio no que están asentadas, a coordinación e prestación dos servizos de asesoramento, préstamo interbibliotecario e soporte técnico á rede de bibliotecas de ámbito inferior (artigo 14.1).

Así mesmo, e por razóns de eficacia, as bibliotecas centrais territoriais tamén poden encargarse, respecto das bibliotecas de ámbito inferior, daqueles aspectos materiais, técnicos ou de servizos propios da xestión bibliotecaria cando estas carezan de medios técnicos idóneos para o seu desempeño e así o soliciten as persoas titulares destas bibliotecas (artigo 14).

O Mapa de bibliotecas públicas de Galicia, establece que a Biblioteca Municipal Central de Ferrol ten a categoría de Biblioteca Central Territorial por cumprir os seguintes requisitos:



- Presta servizos bibliotecarios integrais aos territorios de ámbito poboacional superior aos 50.000 habitantes.
- Coordina e presta servizos de asesoramento, préstamo interbibliotecario e soporte técnico á rede de bibliotecas de ámbito inferior.

A diferenza das demais bibliotecas da súa tipoloxía, de xestión autonómica, a Biblioteca Municipal Central de Ferrol é de xestión municipal. Ademais, achega servizos bibliotecarios non só ao ámbito poboacional do municipio de Ferrol, senón tamén a nivel comarcal. Por todo o anterior, tendo en conta que, para que a Biblioteca Central de Ferrol, única das súas características de xestión municipal, cumpra cos obxectivos en similares condicións ao resto das bibliotecas da mesma categoría, de xestión autonómica, e considerando a súa ampla área de influencia a nivel supramunicipal, considérase necesario artellar un sistema de apoio ao labor bibliotecario que está a desenvolver esta biblioteca, co obxecto de colaborar no financiamento da mellora das coleccións, así como nas actividades de dinamización bibliotecaria.

Que ambas as administracións, asumindo as responsabilidades que legalmente lles corresponden na creación de recursos de lectura pública, consideran oportuno e de interese público xuntar esforzos e colaborar para garantir o acceso da cidadanía a un servizo bibliotecario público de calidade na cidade de Ferrol e a súa área de influencia nas mellores condicións técnicas posibles.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na prestación dos servizos bibliotecarios que debe realizar na súa condición de cabeceira dunha rede bibliotecaria municipal singular por poboación e territorio que abrangue, dado o interese común das partes asinantes nas que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- OBXECTO E ACTUACIÓNS

A través deste convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Ferrol para a mellora dos servizos bibliotecarios que presta a Biblioteca Municipal Central de Ferrol mediante o financiamento da actualización e diversificación da súa colección bibliográfica e documental e das actividades de dinamización bibliotecaria e documental.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, pola especial condición de cabeceira dunha rede bibliotecaria municipal singular por poboación e territorio, que necesita acadar unha maior eficacia na prestación dos servizos bibliotecarios.





Por todo o anterior é o Concello de Ferrol é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a de actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

SEGUNDA.- OBRIGAS DAS PARTES

Segundo establece a Lei de bibliotecas de Galicia, as persoas titulares ou, se é o caso, xestoras das bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia deberán dotalas das instalacións, do equipamento, do mobiliario, dos fondos, do persoal e dos orzamentos necesarios para o cumprimento eficaz das súas funcións e a satisfacción dos dereitos das persoas usuarias.

Neste marco de cooperación ambas as partes comprométense a:

1 O Concello de Ferrol:

- a) Proporcionar os servizos bibliotecarios adecuados para o cumprimento das funcións dunha biblioteca de ámbito territorial, tal e como se establece na normativa vixente en materia de bibliotecas (artigo 14 da Lei de Bibliotecas de Galicia). Para iso deberá contar co persoal técnico adecuado, unha colección permanentemente actualizada e diversificada que se axuste á demanda das bibliotecas de ámbito inferior e os seus usuarios e realizar actividades de fomento da lectura e dinamización bibliotecaria destinadas ao seu ámbito territorial.
- b) Coordinar e apoiar ás bibliotecas de ámbito inferior do seu territorio naqueles aspectos técnicos, materiais ou de servizo bibliotecario necesario para a correcta prestación do servizo bibliotecario cando estas adoezan de medios técnicos idóneos para o seu desempeño.
- c) A adquisición de fondos bibliográficos e documentais que sirvan para actualizar e diversificar a súa colección en todas as seccións, en especial aquelas de maior demanda por parte dos usuarios e usuarias e aquelas inexistentes en bibliotecas de ámbito inferior.
- d) Realizar actividades de dinamización bibliotecaria e documental destinadas a todos os públicos e ao longo de todo o ano natural, en especial naquelas datas de maior uso dos servizos bibliotecarios (Nadal, vacacións escolares, etc.) e nas efemérides a que fai referencia o Calendario do Libro e da Lectura 2019.
- e) Ter cumprido o establecido no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas (DOG núm. 201 do 20 de outubro de 2011).



2 A Consellería de Cultura e Turismo:

- a) Dotar á biblioteca dos medios económicos que lle permitan ampliar, actualizar e diversificar a súa colección bibliográfica e documental.
- b) Dotar á biblioteca de medios económicos para a mellora das súas actividades de dinamización bibliotecaria e lectora.

Outras obrigas de carácter xeral:

As partes deberán coordinar as accións de comunicación e de difusión pública (roladas de prensa, notas informativas, actos de inauguración e clausura, etc) que se leven a cabo arredor da Biblioteca Municipal Central de Ferrol.

O Concello de Ferrol comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e non seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

O beneficiario deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e doutras medidas de reforma administrativa.

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é necesario que o Concello de Ferrol cumpra co deber de remisión ao Concello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

O Concello deberá presentar no momento do pago, certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da Comunidade Autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura e Turismo para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas





tributarias estatais e autonómicas e da seguridade socila, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o beneficiario deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

O Concello comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura e Turismo poderá comprobar, cando o considere pertinente a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO

Para a realización das accións previstas neste convenio cun custo de trinta e cinco mil euros **(35.000 €)**.

O Concello de Ferrol achegará un total de vinte e tres mil euros **(23.000 €)** para o que existe crédito axeitado e suficiente nas súas partidas orzamentarias, de acordo coa seguinte finalidade:

- Dezaioito mil euros **(18.000 €)** (IVE incluído) destinados á mellora das coleccións.
- Cinco mil euros **(5.000 €)** (IVE incluído) para a realización de actividades culturais de dinamización bibliotecaria.

A Consellería contribuirá coa achega de doce mil euros **(12.000 €)** para o que existe crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria 11.20.432A.760.1, axudas a entidades locais para investimentos en bibliotecas, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, de acordo coa seguinte finalidade:

- Seis mil **(6.000 €)** (IVE incluído), para a mellora da colección.
- Seis mil **(6.000 €)** (IVE incluído), para a realización de actividades de dinamización bibliotecaria e cultural.

Como mínimo, un 25% do total do investimento realizado na mellora da colección, os fondos bibliográficos deberán estar en lingua galega.





O Concello de Ferrol achegará os medios materiais, recursos humanos e técnicos precisos para a selección, adquisición e difusión dos novos fondos entre os usuarios das súas bibliotecas, así como para a comunicación pública, a contratación e a realización das actividades de dinamización bibliotecaria e cultural.

Dita achega só cubrirá o custo da compra dos fondos e da realización das actividades, sen que o Concello de Ferrol poida obter beneficio algún polo mesmo.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non superará o 100% do custo da actividade a desenvolver.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2001 e de acordo co previsto no Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas. A data límite de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida, e o 31 de outubro de 2019.

O Concello de Ferrol, poderá facer as xustificacións ao remate de cada actividade, segundo os importe que aparecen recollidos na memoria económica que presenta a dita entidade.

Se o importe dos gastos xustificados fose inferior ao importe do orzamento total previsto para a realización das actividades que constitúen o obxecto do convenio, e que se recolle na memoria económica que se achega co presente convenio, as achegas das partes convenientes reduciranse proporcionalmente.

Esta cantidade farase efectiva na conta corrente que indique o Concello, da que será titular, achegándoa na xustificación dos gastos.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, situada no espazo “A miña sede”, no enderezo electrónico <https://sede.xunta.gal>

O Concello presentará electronicamente a conta xustificativa da subvención, coa data límite do 31 de outubro de 2019 e incluírá a seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría da entidade local co visto e prace do/a alcalde/sa, relativa a aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:





- O cumprimento da finalidade da subvención.
- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos total soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Facturas expedidas polas empresas adxudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio, achegando xunto coas mesmas o comprobante de pago efectuado e certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación de cumprimento da finalidade da subvención.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiarían a actividade subvencionada con indicación do importe e o seu orixe.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda xustificación que non cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 9/2019, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2019, desde o 1 de xaneiro ata a data límite de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superarse se procederá ao reintegro da exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a existencia do xuro de demora correspondente.

SEXTA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o bo desenvolvemento do obxecto deste convenio establecerase unha comisión mixta, integrada por representantes de cada unha das institucións á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.





Por parte da Consellería actuará como representante o director xeral de Políticas Culturais ou persoa en quen delegue.

Por parte do Concello actuará como representante o alcalde do Concello de Ferrol ou persoa en quen delegue.

SÉTIMA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Consellería, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

OITAVA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESCISIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindir o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

A rescisión deste convenio requirirá a petición expresa e razoada dunha das partes, a notificación por escrito á outra parte cun mes de antelación, como mínimo, á data proposta para poñerlle fin ao convenio.

O acordo de rescisión determinará a liquidación dos bens mobles da biblioteca e a propiedade de cada un deles.

NOVENA.- PUBLICIDADE

A partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Concello de Ferrol, acepta a consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado





polo artigo 30 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMA.- XURISDICCIÓN

En todo o non previsto neste convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Ademais será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico d sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas desde o 1 de xaneiro de 2018.

DÉCIMO SEGUNDA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.





Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas partes sométense ao acordo en todas as estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado o presente documento no lugar e data arriba indicados.

Pola Consellería de Cultura e Turismo

Polo Concello de Ferrol

Román Rodríguez González

Jorge Suárez Fernández

